



**Transferencias de Crédito 23-T/18**  
**Expte. Cividas: 2018024773**  
**TC – 23T/2018**

**DECRETO DA ALCALDÍA. Ourense, na data da sinatura electrónica**

Visto o informe-proposta elaborado, polo titular do Órgano de Xestión Económica e Orzamentaria, de data 27 de agosto, refrendado pola Sra. Concelleira Delegada de Facenda, en relación coa solicitude de aprobar unha transferencia de créditos feita pola Concellería do Servizo de Extinción de Incendios, mediante providencia de data 03 de agosto, visto o informe favorable de fiscalización emitido pola Intervención Xeral en data 17 de setembro de 2018, en uso das atribucións que me confire o artigo 124 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, artigo 181 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais e demais disposicións que a desenrolan, así como de acordo co artigo 14 das Bases de execución do Orzamento Municipal vixente, a data da presente,  
**ACORDO :**

**1.- Aprobar a modificación orzamentaria 23-T/2018, utilizando a figura das transferencias de crédito entre aplicacións encadradas na mesma área de gasto, nos seguintes termos:**

**Área de gasto 1**

**A) APLICACIÓN QUE RECIBE CRÉDITO**

Aplicación	Descrición	Importe
N240.1360.62400	Elementos de transporte Ext. Incendios	17.200,00 €
<b>Total Transf. Positivas:</b>		<b>17.200,00 €</b>

**B) APLICACIÓN QUE TRANSFIRE CRÉDITO**

Aplicación	Descrición	Importe
N230.1360.12100	Complemento de destino Extinción Incendios	17.200,00 €
<b>Total Transf. Negativas:</b>		<b>17.200,00 €</b>

**2.- Modificar o proxecto específico de gasto, cuxos datos identificativos se recollen a continuación, nos termos que se sinalan:**

**Código:** 14-2-24-05

**Título:** Elementos de transporte

**Importe a incrementar:** 17.200,00 €

**Aplicación orzamentaria de gasto:**

N140.1360.62400 Elementos de transporte Ext. Incendios 17.200,00 €



**Financiación:** Concello de Ourense (fondos propios)

**Vinculación:** Cualitativa e cuantitativa

**3.- Dar traslado do presente acordo á Tesourería Municipal** aos efectos contables oportunos.

O manda e asina o Excmo. Alcalde-Presidente do que eu, Oficial Maior, dou fe.

